



**I.E.S. DE VILALONGA**

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

[ies.vilalonga@edu.xunta.gal](mailto:ies.vilalonga@edu.xunta.gal)

[www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## ESO

CURSO: 2018-2019

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>4-7</b>
1.1 Centro.....	4
1.2 Alumnado.....	4-5
1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado .....	5-7
1.4 Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.....	7
<b>2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>8-14</b>
2.1 SEGUNDO DA ESO.....	8-10
2.2 TERCEIRO DA ESO.....	10-12
2.3 CUARTO DA ESO.....	12-14
<b>3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO.....</b>	<b>14-17</b>
3.1 Educación Secundaria Obrigatoria.....	14-17
3.1.1 2º ESO.....	14-15
3.1.2 3º ESO.....	15-16
3.1.3 4º ESO.....	16-17
<b>4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....</b>	<b>18-46</b>
4.1 SEGUNDO DA ESO .....	18-25
4.2 TERCEIRO DA ESO.....	26-39
4.3 CUARTO DA ESO .....	39-46
<b>5. CONCRECCIONS METODOLÓXICAS .....</b>	<b>47-48</b>
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS.....</b>	<b>48-49</b>
<b>7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>49-57</b>
7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	49-53
7.1.1 2º ESO.....	49-50

7.1.2 3º ESO.....	51-52
7.1.3 4º ESO.....	52-53
7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN .....	54-56
7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN .....	56-57
<b>8. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS .....</b>	<b>58</b>
<b>9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>58-59</b>
<b>10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>59</b>
<b>11.CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....</b>	<b>59-60</b>
<b>12.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>60-61</b>
<b>13.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....</b>	<b>61</b>
<b>14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.....</b>	<b>61</b>

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 Centro.

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra), e comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional. En 1989 fundiuse baixo a denominación actual co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón.

A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Electromecánica de Vehículos) e Superior (Administración e Finanzas), a Formación Profesional Básica (Mantemento de Vehículos e servizos Administrativos) até a ensinanza de adultos (Nivel II de Educación Secundaria de Adultos e a Oferta Modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa).

## 1.2 Alumnado.

Respecto do alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e os que xa son alumnos do Centro nos demais cursos. No primeiro grupo atópase o alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado tamén é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove e mesmo Pontevedra. Nos restantes cursos de ESO, Bacharelato e Ciclos o alumnado é o que prosegue os seus estudos, ao que ocasionalmente se suma algún outro que cambia de centro por diversos motivos.

O perfil do alumnado na zona de influencia do centro ten un trazo destacado na falta de esforzo e de valoración do estudo favorecidas polas dúas actividades económicas máis influentes nos concellos de orixe, que son a vitivinícola e a de servizos no turismo. Deste xeito, a ligazón do alumnado a estas actividades reduce, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de setembro, o seu rendemento académico como resultado da importancia que no ámbito familiar se lle concede ao diñeiro como meta social. Esta dificultade, no caso da asignatura de Música, faise máis patente na Educación Secundaria Obrigatoria, especialmente no segundo curso, porque unha parte deste alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidades necesarias para o estudo, dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. En 3º e 4º de ESO o problema vaise reducindo paulatinamente xa que os alumnos xa teñen construída unha base de coñecementos a nivel teórico e práctico que lles beneficia no estudo.

En 1º de Bacharelato, os alumnos que proveñen do noso centro non soen ter problemas no cambio de etapa. Os que veñen doutros centros, moitas veces hai que empezar con eles case desde cero a teoría e práctica musical, xa que neses centros se desenvolven metodoloxías diferentes ás do noso.

Por outra parte, os casos de indisciplina tenden a reducirse nos últimos anos e están localizados case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio (1º e 2º de ESO e FPB).

En canto ao profesorado do Departamento de Música, este está constituído neste **curso 2018 – 2019** polos seguintes profesores:

- Juan Andrés Ventoso Fernández (Xefe de Departamento).
- Sara Besada Porto (Imparte a materia de Música en 2º ESO B e 2º ESO C).

### 1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. **Nun contexto socioeducativo marcado pola disparidade de niveis económicos e educativos nas familias, o cal repercute de maneira directa no aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é fundamental acadar estes obxectivos que son o fundamento dunha comunidade cohesionada que favoreza un ambiente óptimo a aprendizaxe e o desenvolvemento.**

b) **Partindo da devandita heteroxeneidade socioeducativa, o noso centro debe actuar como corrector de ditas desigualdades para o cal un obxectivo primordial é** desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. **Nunha coxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta do seu salario, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.**

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos

sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. **O noso centro é pioneiro en Galicia na introdución do programa TEI (Titorización entre iguais) encamiñado a consecución de dito obxectivo.**

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. **O acceso competente ás posibilidades da oferta educativa e profesional vía Educación secundaria obrigatoria comeza coa adquisición de estas capacidades (tanto a de este epígrafe coma a dos catro seguintes) polo que debemos poñer especial celo en preparar aos nosos alumnos e alumnas para a súa adquisición.**

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas **como vía fundamental a hora de construír climas de acollemento e cohesión grupal fundamentais a hora de prever conflitos e favorecer así un contexto de aprendizaxe plural.** Da mesma maneira incluír aquí o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, **para poder apreciar de maneira máis inmediata os exemplos que se atopan dentro do ámbito**

**xeográfico e poboacional do centro educativo e a súa riqueza, o cal redunda no fortalecemento da autoestima do alumnado así como fortalece igualmente seus vínculos con dito espazo.** Participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o) Nun contexto socioeconómico claramente marcado por una oposición entre os núcleos propiamente rurais e pesqueiros cun alto número de familias galegofalantes fronte os núcleos de maior extensión centrados na actividade turística de maioría castelanfalantes, os alumnos e alumnas han de coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural neste devandito contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona, unas das poucas comunidades emigrantes que posúen representación no noso centro.**

#### **1.4 Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.**

As materias, cursos (e grupos) que se imparten no noso Departamento son os seguintes:

##### **1º Ciclo de E.S.O.**

- MÚSICA 2º E.S.O. (3 grupos)

##### **2º Ciclo de E.S.O.**

- MÚSICA 3º E.S.O. (3 grupos)
- MÚSICA 4º E.S.O. (optativa: 1 grupo).

##### **Bacharelato**

- LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL, 1º de Bacharelato (optativa: 1 grupo).
- HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA, 2º de Bacharelato (optativa: 1 grupo).

Os profesores que impartirán clases de Música neste **curso 2018 – 2019** son os seguintes:

- Juan Andrés Ventoso Fernández (Xefe de Departamento).
- Sara Besada Porto (Imparte a materia de Música en 2º ESO B e 2º ESO C).

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 2.1 SEGUNDO DA ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>



Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
propia interpretación e a do seu grupo.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Escoita	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 4. Música e tecnoloxías	

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>

## 2.2 TERCEIRO DA ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. escoita	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	
▪ MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	▪ CAA
Bloque 4. Música e tecnoloxías	
▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	▪ CD ▪ CCEC
▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	▪ CD ▪ CAA

## 2.3 CUARTO DA ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación	
▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	▪ CAA ▪ CSC
▪ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.	▪ CCEC
▪ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	▪ CSC
▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	▪ CCEC ▪ CSC
▪ MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	▪ CD ▪ CMCCT ▪
▪ MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	▪ CD
▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. escoita	
▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
▪ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.	▪ CCEC
▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	▪ CCL ▪ CCEC

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e describeo utilizando unha terminoloxía axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
Bloque 4. Música e tecnoloxías	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

### 3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO

#### 3.1- Educación Secundaria Obrigatoria

##### 3.1.1- 2º ESO

Os obxectivos deste curso son:

- Diferenciar entre sonido e ruido.
- Identificar os elementos do sonido: timbre, duración, intensidade e altura.
- Conocer los elementos básicos del lenguaje musical: pentagrama, notas, figuras, silencios, claves, signos de matiz, signos de prolongación e articulación, intervalos, escalas, alteracións,...
- Aprender a construír os compases e a completalos.
- Potenciar a lectura de partituras e musicogramas ó seu nivel con certa soltura.
- Ser capaces de seguir unha partitura mentres escoitan unha canción.
- Coñecer o aparato fonador, o cuidado da voz e o uso desta como instrumento.
- Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical.
- Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz.
- Entoar cancións populares españolas, doutras culturas e de autor.
- Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais.
- Coñecer e identificar visual e auditivamente os principais instrumentos musicais da música popular galega e da chamada música culta.
- Identificar os instrumentos que sobresaen na melodía e os que destacan no acompañamento nos fragmentos de audicións propostas.

- Conocer e identificar las agrupaciones instrumentales más habituales.
- Coñecer e apreciar a música culta, escoitando fragmentos de obras de diversas épocas artísticas.
- Coñecer e diferenciar estilos musicais que se popularizaron ao longo da historia da sociedade como o jazz, rock, folk...
- Realizar traballos de investigación sobre os diferentes estilos musicais que escoitan.
- Valorar y respectar todas as manifestacións musicales que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico.
- Cantar e acompañar con instrumentos escolares cancións populares da nosa comunidade e doutras comunidades e culturas.
- Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina.
- Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ó director/a, memoria musical, expresión, matices...
- Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto.
- Potenciar a memorización de melodías para cantar e/ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais.
- Utilizar as TIC nas actividades propostas y coñecer a súa utilidade.
- Utilizar os recursos informáticos na escritura de partituras e traballos en grupo.
- Utilizar material impreso, Internet, DVD para investigar, coñecer, ver e escoitar instrumentos, agrupaciones instrumentais e vocais, grandes intérpretes, estilos musicais.
- Aprender a compoñer pequenas pezas musicais a dúas voces e logo interpretalas cos instrumentos escolares.

### 3.1.2- 3º ESO

- Coñecer as diferentes épocas artísticas que se desenvolveron ao longo da historia da música.
- Aprender o nome dos compositores máis relevantes da música culta e saber encadralos na súa época artística.
- Desenvolver a audición interior e os hábitos de escoita.
- Recoñecer a pluralidade de estilos na música.
- Analizar unha peza desde o punto de vista musical.
- Conocer los elementos básicos del lenguaje musical: pentagrama, notas, figuras, silencios, claves, signos de matiz, signos de prolongación e articulación, intervalos, escalas, alteracións,...
- Aprender a construír os compases e a completalos.
- Potenciar a lectura de partituras e musicogramas ó seu nivel con certa soltura.
- Ser capaces de seguir unha partitura mentres escoitan unha canción.
- Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical.
- Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz.
- Cantar e acompañar con instrumentos escolares cancións populares da nosa comunidade e doutras comunidades e culturas, así como cancións pertencentes á Historia da Música e doutros estilos.
- Coñecer e identificar visual e auditivamente os principais instrumentos musicais da música culta.
- Coñecer e apreciar a música culta, escoitando obras de diversas épocas artísticas e distinguindo as súas características estilísticas básicas.

- Interpretar pequenos arranxos de distintas pezas musicais pertencentes á Historia da Música ou doutros estilos, con instrumentos escolares de altura determinada (fruta e instrumentos de lámina) e indeterminada.
- Valorar y respectar todas as manifestacións musicais que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico.
- Realizar traballos de investigación sobre os diferentes estilos musicais que escoitan.
- Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ó director/a, memoria musical, expresión, matices...
- Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto.
- Potenciar a memorización de melodías para cantar e/ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais.
- Utilizar as TIC nas actividades propostas y coñecer a súa utilidade.
- Utilizar os recursos informáticos na escritura de partituras e traballos en grupo.
- Utilizar material impreso, Internet, DVD para investigar, coñecer, ver e escoitar instrumentos, agrupacións instrumentais e vocais, grandes intérpretes, estilos musicais.
- Compoñer pequenas pezas musicais a dúas e tres voces e logo interpretalas cos instrumentos escolares.

### 3.1.3- 4º ESO

- Coñecer la cronoloxía das distintas épocas artísticas.
- Coñecer os principais compositores da historia da música.
- Repasar os instrumentos da orquesta sinfónica e identificalos visual e auditivamente.
- Identificar as síncopas nunha canción.
- Coñecer e apreciar a música culta, escoitando obras de diversas épocas artísticas e distinguindo as súas características estilísticas básicas.
- Coñecer as principais características da música dos pobos de África, América, Asia e Oceanía.
- Analizar unha peza desde o punto de vista musical.
- Aprender as principais características da música popular galega.
- Coñecer os estilos máis importantes da historia do jazz e os seus principais protagonistas.
- Coñecer os estilos máis importantes da historia da música rock e os seus principais protagonistas.
- Coñecer as características da música no cine desde as súas orixes ata a actualidade en EUA e en España.
1-6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</li> </ul>	X	X	X	Sabe usar as novas tecnoloxías para buscar información.	<p>Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.</p>
Bloque 4. Música e tecnoloxías						

Unidade	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
		T1	T2	T3		
1-6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</li> </ul>	X	X	X	Usa diferentes programas informáticos (Muscore, Incredibox, etc.) para a creación musical.	Realización de traballos de diversa natureza (edición musical, traballos sobre músicos, etc.) no que sexa preciso o uso das novas tecnoloxías.
5, 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</li> </ul>			X	Comprende a transformación da música nos séculos XX e XXI como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.  Exame teórico.
1-6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</li> </ul>	X	X	X	Sabe gravar vídeos co móbil e editalos con programas como Audacity ou Movie Maker.	Elaboración de vídeos de contido musical de indole diversa (traballos, actuacións musicais, etc.).
6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.</li> </ul>			X	Sabe realizar en grupo un anuncio utilizando o móbil.	Elaboración de traballos videográficos relacionados coa sonorización de imaxes fixas ou en movemento.
6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>			X	Sabe elaborar vídeos con secuencias de imaxes fixas e seleccionar a música máis axeitada.	Elaboración de traballos videográficos relacionados coa sonorización de imaxes fixas ou en movemento.
6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</li> </ul>			X	Sabe utilizar Internet para buscar información sobre a función da música nos medios de comunicación.	Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.

Unidade	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
		T1	T2	T3		
5, 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.1. Amona interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>			X	<p>Amona interese por usar programas como Musescore ou Incredibox para compoñer música.</p>	<p>Realización de exercicios de composición musical coa axuda de programas de edición musical como Musescore (traballo).</p> <p>Utilización de programas de gravación e produción musical (traballo).</p>
1-6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>	X	X	X	Sabe utilizar Internet para buscar información sobre diferentes aspectos da ciencia musical.	<p>Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.</p> <p>Exame teórico.</p>
1-6	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</li> </ul>	X	X	X	Utiliza diversas fontes escritas e dixitais e sabe seleccionar a información para a elaboración de actividades, traballos, etc.	Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.

## 5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS

Todo método ou estratexia didáctica que empreguemos para levar a cabo os obxectivos que nos propoñamos debe responder á idea de facer da aprendizaxe algo que cobre vida, que faga que o alumno participe activamente no traballo de clase. O pedagogo musical, recoñecido en todo o mundo, **Jos Wuytack**, alumno do famoso compositor e tamén pedagogo musical Carl Orff, sempre amosa nos cursos que imparte un pano co seguinte proverbio chinó: “Ti dime, eu olvido. Ti amósame, eu recordo. Ti envólveme, eu comprendo”. Segundo isto, o mellor xeito de aprender unha cousa, e no noso caso a música, é facéndoa. Por esa razón, adicaráselle á práctica instrumental e vogal (e ó movemento e á danza) aproximadamente a metade do tempo do horario de clases semanal, facilitándolles ós alumnos pezas musicais de progresiva dificultade. Ós alumnos esixiráselles, en todo momento, a máxima exactitude e corrección na interpretación, tendo en conta as súas capacidades. Neste sentido, a intervención pedagóxica é decisiva e insubstituíble, e debe ter un carácter o máis individualizado posible, xa que o seu obxectivo é adaptarse ás características persoais de cada alumno ou alumna. Importa acompasa-lo ritmo de aprendizaxe do grupo ó ritmo individual de cada alumno, planeando constantemente o apoio suplementario que se necesite en cada caso, segundo o indiquen as circunstancias.

Nas pezas musicais de estilo polifónico que se estudien ó longo do curso, o profesor distribuirá as diferentes partituras entre os alumnos de xeito que todos poidan desenvolver algunha vez cada un dos diferentes roles dentro do conxunto (melodías principal ou secundaria, acompañamentos), atendendo sempre ás diferentes necesidades, intereses e motivacións que amose cada un. Esta especialización e separación de tarefas levarase a cabo de xeito individual ou en pequenos grupos, sempre baixo a supervisión do profesor, de acordo coas diferentes voces a interpretar dentro da peza polifónica, para despois, na posta en común, xuntalas nun todo lóxico e coherente. Ó través do traballo en grupo con asignación de responsabilidades individuais, o alumno mostra unha dedicación persoal sobre as tarefas realizadas no grupo e interioriza o valor da súa aportación ó esforzo común do grupo. Esta mesma finalidade pódese aplicar ós traballos de carácter teórico feitos en grupo que se poidan realizar ó longo do curso.

O resto do tempo do horario de clases semanal será adicado ós contidos puramente teóricos (linguaxe musical, historia da música, audicións,... etc) que servirán para complementa-las actividades de carácter práctico, dándolle así ó alumno unha formación musical o máis global e integradora posible. No desenvolvemento das clases teóricas o profesor explicará ós alumnos unha determinada cantidade de conceptos e logo os alumnos realizarán diferentes exercicios ou traballos relacionados con eles para afianzar a súa aprendizaxe. Neste apartado terá especial importancia a utilización das novas tecnoloxías así como a selección de información procedente da bibliografía recomendada polo profesor.

Por último, nas clases intentarase, por parte do profesorado, fomentar e inculcar nos alumnos valores como a participación activa, o traballo en equipo e o espírito de cooperación, o respecto ó profesor e ó grupo e ós seus compoñentes, a escoita atenta e silenciosa durante as audicións, a sensibilidade pola arte (importantísima na formación humanística do individuo), a

tolerancia hacia outras culturas gracias á interpretación de cancións étnicas, a creatividade individual na elaboración dos traballos ou na interpretación e composición musical, ...etc.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS

Entre todos os materiais e recursos que compoñen o inventario do Departamento de Música, os máis importantes, por ser os que máis imos a usar ó longo do curso, son os seguintes:

**Instrumentos e complementos de música:** dous encerados pautados, dez atrás, varios posters de instrumentos e compositores, un piano eléctrico, unha guitarra española, unha guitarra eléctrica, unha guitarra electroacústica, un baixo eléctrico, frautas de diversos tamaños, dous metalófonos baixo, un xilófono baixo, dous xilófonos contralto, tres metalófonos contralto, tres xilófonos soprano, tres metalófonos soprano, oito carrillóns, un carrillón soprano cromático, un carrillón contralto cromático, dous metalófonos soprano cromático, dous metalófonos contralto cromático, un metalófono baixo cromático e diversos instrumentos de percusión de altura indeterminada (un bombo, dous timbais, bongós, un prato, soallas, crócalos, triángulos, claves, un güiro, pandeiros, pandeiretas, maracas, ... etc.).

**Material tecnolóxico:** un ordenador con altofalantes e conexión a internet, un canón-proxector, pantalla grande enrollable, un televisor, un vídeo, un reproductor de DVD, un equipo de alta fidelidade con radio – cassette, reproductor de cedés e dous altofalantes, dous radiocassettes portátiles con reproductor de cedés, dous retroproectores, discos e películas en VHS e DVD.

Os libros de texto en **2º de ESO** e **3º de ESO** son os seguintes:

### Libro de texto 2º ESO:

Título:	ISBN:	Lingua de edición:	Editorial
Música Primer Ciclo	978-84-9737-191-9	Castelán	Galinova

### Libro de texto 3º ESO:

Título:	ISBN:	Lingua de edición:	Editorial
Proyecto Vivaldi 2	978-84-8308-827-2	Castelán	Almadraba

En **4º de ESO** non se utiliza libro de texto. Os contidos impartiranse por medio de apuntes.



O resto do material (partituras, musicogramas,... etc.) subministrárallelos o profesor ós alumnos.

Outros recursos importantes no desenvolvemento das clases son:

- Bibliografía: teoría da música, atlas da música, libros de texto, etc. Esta bibliografía atópase na Aula de Música ou na Biblioteca.
- Colección de discos compactos de música clásica.
- DVD's con películas, concertos, etc. Atópanse na Aula de Música ou na Biblioteca.
- Conexión a Internet para ver vídeos, escoitar obras, documentais, etc.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### 7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación específicos, segundo cada curso da ESO, son os seguintes:

#### 7.1.1- 2º ESO

Criterios de avaliación
Bloque 1. Interpretación e creación
B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.
▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e

Criterios de avaliación
das súas compañeiras.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</li> </ul>
Bloque 2. Escoita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.</li> </ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.</li> </ul>
Bloque 4. Música e tecnoloxías
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>

### 7.1.2- 3º ESO

Criterios de avaliación
Bloque 1. Interpretación e creación
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.</li></ul>
Bloque 2. escoita
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</li></ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</li></ul>

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.</li> </ul>
Bloque 4. Música e tecnoloxías
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>

### 7.1.3- 4º ESO

Criterios de avaliación
Bloque 1. Interpretación e creación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Participar activamente nalgúnhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.</li> </ul>
Bloque 2. Escoita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.</li> </ul>

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.</li> </ul>
Bloque 3. Contextos musicais e culturais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.</li> </ul>
Bloque 4. Música e tecnoloxías
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.</li> </ul>

## 7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada avaliación constará de dúas probas, unha teórica e outra práctica. Cunha e con outra farase a avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos, tendo en conta os obxectivos, os criterios e estándares de avaliación establecidos na Programación do Departamento para este curso.

A **proba teórica** consistirá nun ou dous exames por avaliación. Farán media entre eles se son máis de un.

Se un alumno é sorprendido copiando nun exame, dito exame será puntuado cun cero.

A **proba práctica** terá lugar no transcurso de cada avaliación e consistirá na execución de unha ou distintas pezas vocais e/ou instrumentais elixidas polo profesor e traballadas durante o trimestre. O exame práctico levarase a cabo co instrumento escolar (incluída a voz) co que o alumno tivese ensaiado unha determinada peza. O instrumento básico que deben ter tódolos alumnos é a frauta, co cal se interpretarán a maioría das pezas que se traballarán na aula.

Os aspectos ou rúbricas a avaliar son os seguintes:

CRITERIOS:	10,9,8	7,6,5	4,3,2,1	0
1. Adopta una técnica correcta co instrumento.				
2. O son é limpo, sen ruidos e notas atropeladas.				
3. Interpreta as notas correctas.				
4. Interpreta correctamente o ritmo da peza, respectando figuras e silencios.				
5. Axústase ó pulso.				
6. Toca ou canta cun <i>tempo</i> ou velocidade axeitada.				
7. Toca e canta con fluidez.				
8. Respecta os fraseos.				
9. Respecta as dinámicas.				
10. Recoñece a forma e os indicadores de repetición.				

Todos estos aspectos musicais serán avaliados en conxunto.

**Para superar a asignatura, a nota final, media aritmética da nota da proba teórica e da nota da proba práctica, debe ser, como mínimo, un cinco, sobre dez posibles.**

Os traballos faranse a proposta do profesor e serán cualificados sumando á media das probas teórica e práctica un máximo de 0.5 puntos.

Rúbrica xenérica para a cualificación dos traballos:

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	VALOR DA NOTA
M	<b>MAL:</b> as actividades non foron realizadas ou foron de modo que non satisfan ningún criterio de cualificación relevante.	0% (0 puntos)
R	<b>REGULAR:</b> as actividades foron realizadas de modo que satisfan de modo insuficiente os criterios de cualificación relevantes.	25% (0.25 puntos)
B	<b>BEN:</b> as actividades foron realizadas de modo que satisfan de modo suficiente os criterios de cualificación relevantes.	50% (0.5 puntos)

Exemplo de cálculo da media aritmética entre a proba teórica e a proba práctica con inclusión dun traballo:

Proba teórica: 8 (sobre dez)

Proba práctica: 6

Traballo: 0.5 (B)

$$\text{Nota Final: } \frac{8+6}{2} + 0.5 = 7.5$$

As **recuperacións** terán lugar ó principio do seguinte trimestre posterior á última avaliación. Estas consistirán na media entre as probas teórica e práctica referidas ós contidos teóricos e prácticos traballados durante o trimestre anterior.

En xuño haberá un examen final para todos aqueles alumnos que teñan algunha das avaliacións anteriores suspensas. Se teñen dúas ou tres recuperacións suspensas, deberán examinarse de toda a materia. Para aprobar a asignatura, por tanto, será preciso ter aprobadas as tres avaliacións das que consta o curso.

A cualificación da **avaliación final** será a media das avaliacións parciais, acadando o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se superan as 5 décimas ou non, respectivamente.

Os **exames extraordinarios de recuperación de setembro** faranse nas mesmas condicións que os demais exames feitos ó longo do curso e consistirán na media entre as probas teórica e práctica referidas ós contidos teóricos e prácticos traballados durante o mesmo.

### 7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

No DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015 no **artigo 23** defínense os criterios de **promoción** para a **ESO**

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.



c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

3. Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

4. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso una soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

5. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

6. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

7. Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluíra unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

## 8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Ao principio de curso farase un exame con contidos de carácter teórico do curso anterior para avaliar os coñecementos dos alumnos ó comezo do proceso educativo. As preguntas do mesmo serán seleccionadas entre as que constituíron os exames do curso anterior. En virtude dos resultados, repasaránse en clase aqueles conceptos que o profesor observe que están máis esquivados entre o alumnado.

No apartado práctico, o profesor mandará tocar a cada alumno coa frauta un fragmento da canción de maior nivel técnico do curso anterior para observar cal é o seu grao de desenvolvemento, tanto de lectura musical como de destreza co instrumento. Posteriormente, procederase a tocar todos xuntos esa canción para correxir e afianzar eses dous aspectos da interpretación.

Unha vez correxidas estas actividades, o docente iniciará o proceso de ensino adecuando a temporalización dos estándares de aprendizaxe ó nivel de competencias rexistradas no alumnado.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O Departamento de Música, de acordo coa lexislación vixente, decidiu establecer as seguintes directrices para a recuperación da materia de Música:

- Os alumnos coa materia de Música pendente, para facilitar a súa recuperación, deberán facer dous exames parciais ó longo do curso. Se suspenden algunha destas probas, terán outra oportunidade no exame final de Pendentes que se celebrará no mes de maio. Para aprobar a asignatura o alumno haberá de ter aprobados os dous parciais.  
Por último, terán unha oportunidade máis no exame final de Pendentes do mes de setembro que versará sobre os contidos teóricos e prácticos traballados ó longo de todo o curso.
- Estes exames, como os dun curso normal, constarán de dúas partes, unha teórica e outra práctica. A parte teórica estará baseada nos **contidos** da Programación do curso anterior. A parte práctica consistirá na interpretación, con algún dos instrumentos escolares, dalgunha das cancións estudadas no curso anterior. Tanto a repartición dos contidos da proba teórica nos exames parciais como as cancións a interpretar en cada un deles serán comunicados ós alumnos e expostos no taboeiro de anuncios do instituto.
- A nota final para superar a asignatura debe ter, alomenos, **CINCO** puntos, e consistirá na media das notas da proba teórica e práctica.

- O Xefe de Departamento será o encargado de confeccionar e correxir estes exames.
- Os **critérios de avaliación** referidos ós **estándares de aprendizaxe** así como os **obxectivos, procedementos e instrumentos de avaliación** son os que figuran na Programación do curso anterior.
- Como preparación destes exames parciais, ós alumnos se lles proporcionará unha **Ficha de Traballo** na que se plantearán diversas cuestións relacionadas cos contidos da materia. Con elas irán as cancións correspondentes a cada parcial. A corrección destas Fichas de Traballo e a preparación das cancións do exame por parte do alumno estarán a cargo do Xefe de Departamento.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A expensas do que se dictamine na Xunta de Avaliación da Avaliación Inicial e a partir das observacións do profesor que imparte clases neste curso, o procedemento a seguir, dada a heteroxeneidade de niveis no seo do grupo, é impartir clases seguindo os contidos globais da programación, se o profesor observa que non hai ningún problema no ritmo de aprendizaxe destes alumnos. Se o profesor observase problemas de aprendizaxe nalgún deles, procederíase a traballar con eles os niveis básicos especificados nos contidos mínimos e facerlles un seguimento individualizado mediante a elaboración para eles de materiais, fichas ou actividades de teoría ou práctica musicais que contemplan as súas necesidades educativas especiais. O mesmo cabe dicir dos alumnos que precisen un *Reforzo Educativo*, tanto pola súa dificultade na aprendizaxe como pola súa maior capacidade á hora de abordar esta asignatura.

Por último, na Avaliación Inicial acordárase, tamén, que alumnos van a necesitar una *Adaptación Curricular*, xa que o seu nivel de coñecemento da nosa asignatura está moi por debaixo do nivel normal do seu curso. Trátase de alumnos cunha gran dificultade para poder alcanzar uns obxectivos, contidos e procedementos mínimos, polo que estes teñen que reducirse a niveis mínimos. Polo tanto, a estes alumnos se lles proporcionará materiais, fichas e actividades teóricas e prácticas axeitadas ó seu nivel educativo e traballarase con eles de forma individualizada.

## 11. CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Segundo establece o Decreto 86/2015 no seu artigo 4 (paxs. 25441/2), “A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en

todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa”.

Traballarase a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Tamén evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

A igualdade entre os sexos será tratada, por exemplo, á hora da elección dos instrumentos musicais. Os rapaces adoitan escoller instrumentos que producen moito estrondo (pandeiros, timbais, caixa...), e as rapazas, instrumentos con son máis suave e discreto (triángulos, crócalos, carillóns...). Trátase de intentar arranxar estas tendencias.

Os contidos da área que esixen un traballo musical en grupo (interpretar pezas coa voz, instrumentos e as danzas) tenden a favorecer as capacidades de relación interpersonal que tanto demandan os adolescentes e que é tan importante para o seu equilibrio psíquico. Asemade, mediante os traballos grupais, foméntase o respecto cara as manifestación musicais dos compañeiros o que favorece o sentimento de autoestima do alumno.

Por outro lado, a asistencia ós concertos didácticos, obriga aos alumnos a adoptar as normas de conduta propias dun concerto clásico, con toda a aprendizaxe de disciplina que a asistencia a un espectáculo de esas características leva consigo (sentarse adecuadamente, non falar, non molestar ó veciño, aplaudir no momento oportuno...).

## **12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.**

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente será levado a cabo seguindo os seguintes criterios:

- 1- Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.
- 2- A temporalización dos contidos e actividades é a adecuada.
- 3.- Coherencia da metodoloxía empregada cos obxectivos previstos.
- 4- Resultados da aplicación das medidas de atención á diversidade.
- 5- A aprendizaxe do alumnado con relación ao previsto.
- 6- Grao de desenvolvemento da programación docente.
- 7- O resultado global da avaliación do grupo.
- 8- Os materiais e recursos empregados son suficientes.

9- O interese posto polos alumnos nas actividades propostas.

10- A duración das actividades e a súa dificultade é a axeitada.

11- O uso das TIC foi fomentado apropiadamente.

A final de curso, tendo en conta os anteriores criterios, farase una avaliación xeral do proceso educativo en todos os niveis e se proporán medidas de mellora na memoria.

Asemade, teranse en conta as enquisas que desde o Centro se leven a cabo en relación á práctica docente entre o alumnado.

### **13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

Está previsto, sempre que nos concedan prazas, a asistencia a exposicións de carácter musical e a concertos didácticos como os que se organizan en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo ou Celanova.

Como actividades complementarias ás clases, está previsto o visionado de películas relacionadas coa historia da música ou co xénero do *musical*, concertos de diversos estilos, ballets, óperas,... etc., documentais sobre compositores, música rock, folclórica,... etc.

### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.**

Farase un seguimento mensual do desenvolvemento da programación e da súa temporalización nas actas do departamento.

Así mesmo, ó final de curso, na memoria do departamento, se fará unha valoración dos resultados acadados en cada curso e das posibles dificultades atopadas. O ritmo de aprendizaxe de cada grupo será o factor que nos marque o grao de desenvolvemento dos diferentes estándares e das medidas a tomar para o seu mellor aproveitamento. Se realizará, polo tanto, unha revisión da programación, dos seus contidos, procedementos, secuenciación, temporalización, etc., en función dos resultados obtidos, das dificultades atopadas no seu desenvolvemento e dos cambios feitos ó longo do curso. As conclusións desta revisión teranse en conta na programación do curso seguinte.